

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE ENTIDADES SOCIAS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

REUNIÓN A TRAVÉS DE VIDEOCONFERENCIA.

7 de abril de 2021

Hora de inicio: 10:00h

ASISTENTES:

Teresa Villaverde	Concello de Abegondo
Ana Aránzazu Incera	Concello de Alfoz
Luísa Feijóo	Concello de Ames
Leonardo Pena	Concello de Ames
Inés Ramos	Concello de Arteixo
Orlando Saavedra	Concello do Barco
Paula González	Concello de Cabanas
Ana Isabel Fuentes	Concello de Caldas de Reis
Maica Ures	Concello de Carballo
Mercedes Caridad	Concello de Carral
Daniel Fernández	Concello de Cartelle
Lourdes Enes	Concello de Covelo
Yolanda Zapata	Concello de Culleredo
Pilar Couce	Concello de Fene
Nuria Lameiro	Concello de Gondomar
Laura Ageitos	Concello de Guitiriz
Rocío López	Concello da Laracha
Silvia Agrafojo	Concello de Lousame
Olga López	Concello de Lugo
Leticia Varela	Concello de Malpica
Yolanda Bello	Concello de Miño
Daniel Costas	Concello de Moaña
Cristina García	Concello de Moeche
Gloria Prada	Concello de Monforte
José Cela	Concello de Moraña
Catalina García	Concello de Narón
Mercedes Sánchez	Concello de Narón
M ^a Pilar González	Concello das Neves

Juan A. González	Concello de Nigrán
Marga Figueroa	Concello de Oleiros
Ana Villarino	Concello de Oímbra
Maite Piñeiro	Concello de Ourense
Amparo Cerecedo	Concello da Pobra do Caramiñal
Begoña Olveira	Concello da Pobra do Caramiñal
Rosa Fernández	Concello de Poio
Ana Campos	Concello de Poio
Raquel Caruncho	Concello de Pontedeume
Elena López	Concello das Pontes
Olga García	Concello de Redondela e Deputación de Pontevedra
Adolfo Muíños	Concello de Rianxo
M ^a José Carreira	Concello de Ribeira
Isabel Reimúndez	Concello de Sada
Ángela Troitiño	Concello de Silleda
Begoña Piñeiro	Concello de Valga
Emilia Somoza	Concello de Verín

Escusan asistencia: Concello do Irixo, Concello de Bergondo, Concello de Ferrol e Concello de Soutomaior.

Previamente ao inicio da reunión danse unhas pautas de funcionamento da plataforma e desenvolvemento da reunión, para organizar as quendas de palabra e posibles incidencias técnicas. Así mesmo, instase a facer unha rolda de presentacións a través do chat a efectos de tomar acta das persoas asistentes. Infórmase de que se non hai oposición por parte das persoas asistentes a reunión será gravada.

Juan González dá a benvinda e dálle a palabra a Luísa Feijóo para que aborde os primeiros tres puntos da orde do día, que corresponden ás funcións da Secretaria.

1 Aprobación da acta anterior.

Luísa Feijóo indica que, tras o envío por correo electrónico das dúas actas correspondentes á Asemblea Xeral e á Asemblea Xeral Extraordinaria do 30/06/2020 os días seguintes á celebración de ditas reunións, non se recibiu ningunha comunicación ao respecto. Así mesmo, volvéronse enviar coa convocatoria da presente reunión, sen recibir achegas novamente. Tras sometelo a aprobación das persoas asistentes, ambos documentos danse por aprobados, contando coa abstención da persoa representante do Concello de Oímbra, alegando non ter participado en ditas reunións, e coa aprobación das restantes participantes.

2 Ratificación das altas e baixas.

Luísa Feijóo informa de que o Fondo Galego pechou o ano 2020 sen recibir novas propostas de altas ou baixas, quedando, polo tanto, coas 101 entidades socias, 98 concellos e as Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra.

No entanto, no 2021 rexistrouse unha alta na asociación, que debe ser ratificada pola Asemblea: O Concello de Carral, que se adheriu por acordo plenario celebrado o 10/03/2021.

Tras a ratificación da nova alta, procédese a dar a benvida ao Concello de Carral.

Feijóo informa, asemade, que non se rexistran baixas.

Con esta nova alta o Fondo Galego conta na actualidade con 102 entidades socias, e con esperanza de continuar medrando en número ao longo desta anualidade.

A Secretaria agradece de antemán ás entidades socias que poidan trasladar aos concellos da súa contorna o convite para unirse ao Fondo Galego. Neste sentido, informa, recibirán todo o apoio técnico que fora preciso. Simplemente deben poñerse en contacto coas traballadoras da asociación.

3 Proposta de modificación de cargos da Comisión Executiva.

Luísa Feijóo recorda á Asemblea que a Comisión Executiva do Fondo Galego está conformada por representantes políticos dos Concellos de Nigrán, San Sadurniño, Cartelle, Ames, Moraña, Oleiros, O Irixo, Santiago de Compostela e a Deputación de Lugo. Informa, así mesmo, de que o Concello de Moraña comunicou o cambio de representante e, por tanto, da persoa que ostentaría a vogalía que lle corresponde como representante de dito concello na Comisión Executiva do Fondo Galego. Segundo o artigo 21.2. dos Estatutos, “No caso de que durante o período dos catro anos unha ou varias das administracións locais representadas na Comisión Executiva decidan cambiar de persoa representante, estes cambios deberán notificarse na seguinte Asemblea Xeral”. Feijóo procede, por tanto, a notificar o cambio na composición da Comisión Executiva, que afecta simplemente ao cambio de representante do Concello de Moraña. A representante saínte é Luísa Piñeiro Arcos e o representante entrante é José Cela Camiño (Alcalde de Moraña)

Este cambio é ratificado pola Asemblea Xeral para proceder á súa notificación aos rexistros correspondentes.

Dáse conta de que a composición da Comisión Executiva queda configurada do seguinte xeito:

CARGO	NOME	CONCELLO/DEP
Presidencia	Juan A. González Pérez	Nigrán
Vicepresidencia	Ana Belén Breixo Gundín	San Sadurniño
Tesourería	Daniel Fernández Carril	Cartelle
Secretaría	Luísa Feijoo Montero	Ames
Vogalía	José Cela Camiño	Moraña
Vogalía	Manuel Cerdeira	O Irixo
Vogalía	María Loureiro García	Deputación de Lugo
Vogalía	Gumersindo Guinarte	Santiago de Compostela
Vogalía	Marga Figueroa Vázquez	Oleiros

4 Memoria de actividades e balance económico 2020.

Toma a palabra o Presidente, Juan A. González, para facer a presentación da memoria de actividades do ano 2020.

Juan A. González comenta que, como non podía ser doutro xeito, no ano 2020 todas áreas de traballo do Fondo Galego estiveron **marcadas pola pandemia**. O xoves 12 de marzo, o Concello de Pontevedra anunciaba o peche do Centro Sur, onde se atopa a nosa Oficina Técnica, e desde esa mesma tarde o persoal do Fondo Galego pasou á modalidade de teletraballo. A planificación anual tivo que reformularse, descartando tanto as accións de sensibilización de carácter cultural como as viaxes internacionais, o que implicou a cancelación de programas tan senlleiros como Vacacións con Traballo. Na área de proxectos, os parceiros do Sur solicitaron apoio para combater o coronavirus, polo que a cooperación do Fondo Galego se centrou sobre todo na prevención e en mitigar os impactos da Covid-19. González informa de que todos os detalles poden consultarse na '**Memoria 2020**' do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que xa está dispoñible online e que axiña chegará por correo postal a todos os concellos, cun novo deseño, máis visual e compacto.

Faise, a continuación, un repaso da Memoria 2020, co seu novo formato, destacando as seguintes cuestións:

Na área de **cooperación e desenvolvemento**, aparecen os datos básicos dos cinco proxectos que se financiaron, por un importe total 108.805 €, un deles en Guinea-Bissau e os outros catro en Mozambique. Non só se traballou na sensibilización da poboación e na dotación de materiais para evitar contaxios, senón tamén na achega de alimentos ás persoas máis vulnerables no caso de Bissau ou na adquisición de computadores en concellos mozambicanos para poder levar a cabo a necesaria xestión telemática. Ademais, hai dous proxectos que seguen en marcha ata xuño, un deles coa Fundação Encontro para apoiar a saúde e a educación nas áreas rurais e outro para mellorar o abastecemento de auga e de electricidade na vila de Nhamatanda, que resultara moi afectada polo ciclón Idai no ano 2019. Destácase a achega extraordinaria de 12.000 euros realizada polo Concello de Narón para financiar un dos proxectos executados o ano pasado.

Na área de **sensibilización e comunicación**, foron limitadas as actividades presenciais e intensificáronse as accións virtuais, como foi a campaña 'Os municipios cooperan' con vídeos nas redes sociais para reforzar a solidariedade internacional neste novo contexto, nos que participaron un total de 27 representantes das administracións locais socias do Fondo Galego e de catro países lusófonos. O Fondo Galego tamén lanzou a súa propia plataforma de teleformación, coa experiencia piloto do curso online 'Localizando a Axenda 2030', que colleitou un considerable éxito de participación. Por outra parte, co fin de avanzar tamén no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, apoiouse a elaboración de plans municipais para a implementación dos ODS en Cabanas, Pontedeume e San Sadurniño. Todas estas actividades foron financiadas a través do convenio coa Xunta de Galicia, ao que hai que sumar outro convenio co Concello da Coruña para organizar o certame 'Muros que unen', que nesta terceira edición gañaron os muralistas Joaquim Orriols, Delio Rodríguez e Doa Ocampo.

Na área de **fortalecemento institucional**, foi significativa "a separación" entre o Fondo Galego e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional. O Igadi foi a entidade impulsora da nosa asociación en 1997 e desde entón formaba parte da Comisión Executiva e exercía a Secretaría Técnica, pero o novo marco legal implica unha serie de mudanzas na relación, así que se acordou tomar camiños separados. Isto implicou que o Fondo Galego absorbera o persoal técnico, incorporara un novo concello no órgano de goberno e modificara os seus estatutos, cambios que foron aprobados na anterior asemblea. A maiores, creouse a nova páxina web, e seguiu participando en redes como a Confederación de Fondos a nivel estatal, onde o Fondo Galego asume a Vicepresidencia; a Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS ou o Consello Galego de

Cooperación. Por último, Juan A. González informa de que rematamos o ano recibindo o Premio Consello Social Uvigo-Humana, un recoñecemento ao labor solidario do Fondo Galego que é tamén un premio ao recoñecemento de todas as entidades socias.

O Presidente remata a súa exposición felicitando ao equipo técnico polo novo deseño da memoria de actividades e dando paso ao Tesoureiro, Daniel Fernández, para tratar a cuestión do Balance económico 2020.

Daniel Fernández comeza analizando os datos que aparecen na memoria de actividades e que é un bo resumo do 2020 en materia económica:

- 261.788,14€ de ingresos, que se desagregan en 161.129,38€ en concepto de cotas de entidades socias, 99.674,64€ en subvención recibidas e 984,12€ que se corresponden con dúas facturas emitidas ao Concello de Guitiriz e á EGAP.

Destaca as seguintes subvencións recibidas:

Subvención Xunta de Galicia: 60.000,00€

Subvención Concello da Coruña: 20.022,79€

Subvención Concello de Narón: 12.000,00€

Subvención Comisión Europea: 6.091,52€. Fernández fai especial mención a este proxecto europeo titulado People&Planet, de catro anos de duración, e no que o Fondo Galego participa xunto con outras 18 entidades de 9 países diferentes. O proxecto virá a achegar ao Fondo Galego un importe anual de aproximadamente 120.000€, se ben ao dar inicio no mes de novembro o ingreso producirase no 2021.

O Tesoureiro aproveita a ocasión para animar aos Concellos e Deputacións a asinar convenios de colaboración co Fondo Galego para o financiamento de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, tal e como fixo no 2020 o Concello de Narón.

- 254.363,55€ de gastos, sendo:
 - O 41,59% para axudas de emerxencia e proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
 - O 38,57% para gastos de funcionamento.
 - O 16,07% para actividades de sensibilización, formación e comunicación.
 - O 2,78% para actividades de fortalecemento da asociación e relacións institucionais.
 - O 0,99% para imprevistos.

Infórmase de que se obtivo un remanente positivo de 7.424,59€.

Unha vez feita a lectura dos datos económicos que aparecen na memoria, Daniel Fernández pasa a detallar a información que aparece no Balance de situación. Informa de

que este documento ofrece unha imaxe de como é a situación económica do Fondo Galego ao peche do exercicio 2020. Comezando polo activo, que fai referencia aos bens que posúe o Fondo Galego, tendo en conta as depreciacións e as débedas contraídas coa entidade. O activo non corrente ascende a 6.094,27€ e o activo corrente a 301.940,61€. Fernández indica, asemade, cales son os concellos con débedas contraídas co Fondo Galego, que ascenden a un total de 12.971,73€.

En canto ao pasivo, comeza falando do pasivo neto, que alude ao acumulado de exercicios anteriores. 197.414,12€ é a cantidade acumulada froito dos resultados positivos e negativos ao longo da historia do Fondo Galego. En canto ao pasivo corrente, que alude ao que debemos ou que está pendente de gastar nesta anualidade, aparecen reflectidos gastos de facturas ou impostos do mes de decembro que foron recibidas en xaneiro. Co cal, non hai nada destacado que comentar xa que responde á normalidade.

Acto seguido procédese a dar conta da conta de resultados, destacando o seguinte:

- Gasto de 116.528,38€ de axudas monetarias, dos que 6.000€ se corresponden cos premios do concurso de murais e 110.528,38€ coa financiación dos proxectos de emerxencia e cooperación ao desenvolvemento nos países do Sur.
- 19.540,36€ como gasto de Aproveitamento, que fai referencia á compra de materiais ou pago de honorarios para a realización das actividades previstas.
- 52.364,08€ en gastos de persoal.
- 65.058,85€ en gastos de funcionamento e de realización de actividades.

A modo de conclusión, Daniel Fernández dá fe da estabilidade económica da asociación, así mesmo, informa de que toda a documentación relativa á contabilidade está dispoñible na oficina técnica e que todas as entidades socias poden acceder a ela simplemente poñéndose en contacto co persoal técnico da asociación. Así mesmo, para visibilizar a transparencia da asociación, informa de que tanto o balance de situación e a conta de resultados estarán dispoñibles na páxina web do Fondo Galego tras a súa aprobación por parte da Asemblea.

Tanto a memoria de actividades como o informe económico son aprobados por unanimidade.

5 Plan de actividades e orzamento 2021.

Juan A. González toma a palabra para facer a presentación do Plan de actividades 2021. Remarca que, tendo en conta que a pandemia segue activa, o plan de actividades para este ano formulouse na liña do exercicio anterior.

Así, dentro da área de fortalecemento e acción institucional atopamos as seguintes accións:

- Captación de entidades socias, para o que se manterán reunións virtuais cos principais partidos políticos con representación municipal e tamén xuntanzas provinciais cos gobernos locais da mesma cor política que aínda non son socios do Fondo Galego.
- Actualización do sistema de cálculo de cotas, buscando unha maior implicación das entidades socias e garantindo a equidade nas achegas.
- Elaboración de protocolos que regulen aspectos do funcionamento interno da asociación, co fin de gañar en transparencia.
- Solicitud de declaración de Utilidade Pública para o Fondo Galego, que redundará en vantaxes fiscais entre outros.
- Renovación do convenio coa Fegamp, co fin de reforzar a alianza entre ambas asociacións e incrementar a implicación da federación de municipios na cooperación ao desenvolvemento.
- E participación na Confederación de Fondos, formada por asociacións similares ao Fondo Galego de nove comunidades autónomas.

Na área de comunicación e sensibilización, reeditaránse as actividades máis demandadas o ano pasado e engadiránse algunhas novas:

- Apoio a catro concellos para elaboración de plans de Implementación dos ODS.
- Curso online 'Localizando a Axenda 2030', que deu comezo este luns.
- Memoria anual e a axenda 2022, que estará centrada no 25º aniversario do Fondo Galego.
- Foro virtual da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, creada no foro presencial de 2019, que non puido volver celebrarse en 2020.
- E ciclo de webinars protagonizados polos nosos parceiros nos países do Sur e outras entidades de interese para a troca de experiencias cos municipios galegos.

Todas estas accións estarían incluídas no convenio coa Xunta de Galicia. A maiores teríamos:

- 4º Certame de Murais arredor dos ODS 'Muros que unen' co Concello da Coruña.
- E as múltiples actividades do proxecto europeo 'People & Planet', especialmente dirixidas á mocidade para concienciar sobre o cambio climático: consellos xuvenís, comunicación de guerrilla, performance, obradoiros de cociña, debuxo urbano, concurso de murais, certame fotográfico, exposición virtual, reto viral, apagón ambiental, campaña de comunicación, etc.

Por último, aínda que é o máis importante, na área de proxectos de cooperación atopamos:

- Proxectos de cooperación directa, aínda por definir.
- Unha reserva de fondos para axuda humanitaria, destinada a paliar as consecuencias da propia Covid-19 ou de catástrofes naturais, por exemplo.
- E a convocatoria para proxectos de ONGD, que explicaremos e resolveremos a continuación.

A maiores de todo isto, o Presidente informa de que recentemente recibimos unha proposta da ONG Solidariedade Internacional de Galicia para incorporar a 5 concellos socios do Fondo Galego nun proxecto que están a desenvolver para promover o comercio xusto, a compra pública ética e, en xeral, o consumo responsable, con actividades como encontros informativos, obras de teatro, feiras ao aire libre, etc. O proxecto conta con financiamento autonómico e non tería ningún custo nin para o Fondo Galego nin para os municipios participantes, así que axiña se abrirá a convocatoria para que os concellos interesados se poidan apuntar.

Toma a palabra Daniel Fernández para facer a presentación do orzamento para a presente anualidade:

Comeza destacando os INGRESOS PREVISTOS NO 2021:

	INGRESOS	IMPORTE
Cotas entidades socias 2021		162.132,91 €
Comisión Europea		101.769,87 €
Convenio Xunta de Galicia		60.000,00 €
Concello da Coruña		20.022,79 €
Concello de Narón		12.000,00 €
Remanente positivo do 2020		7.424,59 €
	TOTAL INGRESOS	363.350,16 €

En canto aos GASTOS, destaca que:

- O 53,96% será destinado a actividades de sensibilización e comunicación.
- O 32,38% irá destinado a proxectos de emerxencia e cooperación ao desenvolvemento.
- O 8,35% a gastos de funcionamento.
- E o 1,79% á área de fortalecemento e acción institucional.

GASTOS	IMPORTE
ÁREA FUNCIONAMENTO	30.344,17 €
Gastos persoal (1)	14.426,25 €
Xuntanzas da Rede municipalista solidaria	214,81 €
Asemblea Xeral	103,11 €
Correos, teléfono, internet, web, mensaxería, papelería, limpeza etc.	2.500,00 €
Asesoría	3.500,00 €
Asesoría xurídica	2.000,00 €
Servizo de prevención riscos laborais	300,00 €
Gastos de desprazamentos e manutención	300,00 €
Impostos e comisións bancarias	7.000,00 €
ÁREA FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL	6.508,20 €
Captación de entidades socias	2.640,90 €
Participación na Confederación de Fondos	2.500,00 €
Servizo técnico para tramitación Utilidade Pública	1.367,30 €
ÁREA SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN	206.846,79 €
PROXECTO XUNTA DE GALICIA	63.762,13 €
PROXECTO MUROS QUE UNEN IV- CONCELLO DA CORUÑA	21.639,66 €
PROXECTO: PEOPLE AND PLANET- COMISIÓN EUROPEA	121.445,00 €
ÁREA PROXECTOS	117.651,00 €
Proxectos de cooperación directa	41.327,59 €
Axuda Humanitaria	32.000,00 €
Convocatoria de proxectos 2021 (2)	44.323,41 €
IMPREVISTOS	2.000,00 €
TOTAL GASTOS	363.350,16 €

Fernández informa de que na documentación achegada aparecen todos os gastos desagregados por área e actividade, por se houberse algunha dúbida. E sinala, como novidade, que este ano o orzamento contempla unha disposición por proxectos financiados na área de sensibilización, con obxecto a visibilizar as diferentes subvencións e os gastos imputados a cada unha delas. Neste senso, os gastos de persoal son tan reducidos na área de funcionamento (12.000€) porque se imputan xa como gasto nos proxectos subvencionados que van asumir ese gasto de persoal. Deste xeito podemos comprobar de forma máis fácil que actividades están sendo subvencionadas e a que tipo de gasto se dirixen as cotas do Fondo Galego, que é principalmente á área de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

Antes de someter ambos documentos a aprobación, Pilar Couce, representante do Concello de Fene, comenta que lle parecen moi elevados os gastos en comisións bancarias.

Andrea M. García, dá resposta informando de que os 7.000€ que aparecen como impostos e comisións bancarias responden principalmente ao pago de impostos, sendo en torno aos 1.300€ relativos ao pago de comisións bancarias. Malia iso, considérase que os gastos en comisións bancarias son moi elevados, debido a un cambio na política de Abanca, onde o Fondo Galego ten as súas dúas únicas contas bancarias. Abanca viña aplicando condicións vantaxosas para o Fondo Galego ata que no 2020 cambiou de proceder. A Comisión Executiva, que está ao tanto da situación é que é unha cuestión que preocupa especialmente, xa está traballando nesta cuestión. Juan A. González reforza esta postura de preocupación e informa de que se está valorando traballar con outras entidades bancarias de non rectificar Abanca ao debido tempo. Pilar Couce comenta que resolver esta cuestión é de máxima urxencia.

Catalina García, representante do Concello de Narón, reforza o exposto polo Tesoureiro e anima a todos os Concellos a que apoiem proxectos de cooperación a través do Fondo Galego.

A Asemblea Xeral procede a aprobar o Plan de actividades e o orzamento 2021 por unanimidade.

6 Ratificación da resolución da convocatoria de proxectos.

Juan A. González recorda que o Fondo Galego abriu a convocatoria de axudas para proxectos de cooperación ao desenvolvemento o 15 de decembro ata o 31 de xaneiro do presente ano. Tal e como aparece nas bases, a convocatoria está dotada de 100.000€ e a cantidade máxima a subvencionar é de 25.000€ por proxecto. Así como que a convocatoria está destinada a ONGD con presenza en Galicia.

González informa de que se presentaron un total de 12 solicitudes para a realización de proxectos de cooperación en India, Guatemala, Nicaragua, El Salvador, República Democrática del Congo, Guinea Bissau, República Dominicana, Bolivia, Honduras e Alxeria (campamento de persoas refuxiadas). En canto aos sectores de actuación, destaca a auga e o saneamento e o medio ambiente.

Así mesmo, informa de que Comisión Avaliadora de proxectos, composta por representantes técnicas dos Concellos da Guarda, Burela, Cabanas, Guitiriz e Viana do Bolo, reuniuse o pasado 18 de marzo, e tras a reunión elevou á Comisión Executiva unha proposta de resolución baseada nos criterios técnicos especificados na convocatoria. A Comisión Executiva aprobou dita proposta e agora corresponde á Asemblea ratificar dita decisión.

Por tanto, propónse aprobar e denegar para financiamento os seguintes proxectos segundo aparecen recollidos no cadro de valoracións.

Juan González destaca a calidade das propostas presentadas, polo que a Comisión Avaliadora de proxectos propón transmitirle ás ONGD que presentaron as súas propostas o agradecemento polo traballo realizado.

Destácase tamén que as técnicas que compoñen a Comisión Avaliadora valoraron moi positivamente a participación na mesma, por permitirlle coñecer máis de preto a xestión dos proxectos de cooperación. Así mesmo, tamén fixeron achegas a ter en consideración para vindeiras edicións.

Catalina García, do Concello de Narón, percibe un erro no cadro de valoracións que é corrixido porque se trata dun erro da escrita.

Habendo acordo por unanimidade, procédese á aprobación da resolución da convocatoria de axudas para proxectos de cooperación ao desenvolvemento 2020-2021. Infórmase, asemade, que se procederá a colocar dita resolución na páxina web e que esta incluírá o cadro de valoracións.

7 Instrucións de contratación.

González comeza explicando que as instrucións de contratación son froito do resultado do traballo realizado na pasada anualidade de posta ao día coa aplicación formal da normativa vixente. Por tanto, xurdiu a necesidade de elaborar unhas instrucións de contratación, posto que, aínda que o Fondo Galego non é unha Administración Pública, ten o carácter de poder adxudicador para efectos da Lei de Contratos do Sector Público.

O traballo foi realizado por unha asesoría xurídica experta no terceiro sector, que deu as pautas á Comisión Executiva para a elaboración das bases de contratación acomodadas á realidade organizativa e orzamento que manexa a nosa asociación.

Este documento interno ten por obxecto regular as condicións e os procedementos de contratación do Fondo Galego, coa finalidade de garantir a efectividade dos contidos legais e principios detallados na Lei de Contratos do Sector Público.

Faise fincapé nos órganos de contratación, que serían:

- Xerencia, por contratacións con valor estimado inferior ou igual a mil cincocentos euros (1.500,00 €).
- Comisión Executiva, por contratacións con valor estimado superior a mil cincocentos euros (1.500,00 €).
- Excepcionalmente, para supostos de urxencia ou emerxencia debidamente xustificadas, a Presidencia poderá actuar como órgano de contratación para contratacións con valor estimado superior a mil cincocentos euros (1.500,00 €) e inferiores a quince mil euros (15.000,00 €), debendo dar conta inmediatamente na seguinte xuntanza da Comisión Executiva.

As bases de contratación tamén incorpora criterios a ter en conta nas contratacións como o emprego preferente do galego nas accións a realizar en Galicia, o respecto ambiental e o respecto dos códigos deontolóxicos relacionados coa cooperación ao desenvolvemento, como son os Dereitos Humanos.

As instrucións de contratación son aprobadas por unanimidade pola Asemblea, que autoriza a posibles correccións do texto antes de publicar dito documento.

8 Utilidade Pública.

Tras un intento fallido no 2013, informa Juan González, o Fondo Galego conta agora con todas as garantías para que lle sexa concedida a condición de ser unha entidade de Utilidade Pública. Isto implicará un recoñecemento de que o Fondo Galego asume un propósito de interese xeral, e levará parello un maior control público que redundará tamén nunha maior visibilización da transparencia e do traballo que se realiza.

Andrea M. García toma a palabra para explicar como será levado o traballo técnico para a preparación da documentación requirida, así como as previsións de presentación da solicitude, que será no verán. Por tanto, é posible que estea resolta a finais desta anualidade.

Sométese á consideración da Asemblea, que aproba por unanimidade a tramitación da Utilidade Pública.

9 Rogos e preguntas.

Non hai.

Antes de dar por concluída a reunión, o Presidente agradece a participación. Andrea M. García reitera o agradecemento, xa que a participación na Asemblea superou as expectativas, podendo considerarse unha das Asembleas con máis asistencia ao longo da historia do Fondo Galego.

Representantes dos Concellos de Arteixo, Sada, Caldas de Reis e As Pontes responden polo chat agradecendo o traballo realizado.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión cando son as 11:07h.

Juan González
Presidente

Luísa Feijóo
Secretaria